

Nome/Título da evidencia: Creación dun programa de radio sobre “As mulleres esquecidas na ciencia” para conmemorar a celebración do 11F, mediante ferramentas de Intelixencia Artificial

Tipo de evidencia: outro: creación de contido audiovisual e divulgativo con IA

Autores: Enrique Sánchez e María José Vilaboy

Departamento(s): Lingua e Literatura Galega /Acción titorial / Relixión

Recurso(s) de IA utilizado(s): ChatGPT 4.0 (chat.openai.com), Audacity con IA integrada, Media.io (media.io)

Breve resumo da actividade:

Descrición: No contexto dun curso de formación sobre Intelixencia Artificial aplicada á educación, levouse a cabo a creación dun programa de radio escolar que abordou a temática das **mulleres esquecidas na historia da ciencia**. O proxecto combinou ferramentas de IA para a elaboración do guión, a gravación e a edición final do podcast.

A actividade desenvolveuse en varias fases:

1. **Documentación previa** sobre científicas pouco recoñecidas na historia.
2. **Xeración do guión** cunha ferramenta de IA conversacional (ChatGPT), adaptando a información ao formato radiofónico e ao nivel do alumnado.
3. **Gravación do audio** na radio escolar con participación activa do alumnado.
4. **Corrección e edición** do programa co software Audacity, empregando ferramentas de limpeza de audio e mellora de calidade con IA integrada.
5. **Post-producción final** corrección e conversión do arquivo para emisión/publicación mediante Media.io.

Finalidade: Visibilizar o papel das mulleres na ciencia, fomentar o traballo colaborativo e creativo, e experimentar co uso das novas tecnoloxías e da IA na creación de contidos educativos significativos.

Contidos traballados: Historia da ciencia, igualdade de xénero, comunicación oral, expresión escrita e dixital, ferramentas de edición e produción sonora, alfabetización mediática e dixital.

Materia: Lingua e Literatura Galega e Relixión

Alumnado (curso): Alumnado de 1º e 2º da ESO

Reflexión sobre a aplicación da actividade na práctica docente/organizativa:

Impacto no departamento/centro: O programa de radio contribúe á creación dun espazo de aprendizaxe interdisciplinar, promovendo valores como a igualdade, a memoria histórica e a divulgación científica. Ao empregar IA, introdúcese tamén o alumnado no uso ético e crítico destas ferramentas tecnolóxicas.

Vantaxes atopadas:

- **Creatividade e motivación:** O formato radiofónico e o uso de IA resultan moi atractivos para o alumnado.
- **Cooperación entre materias:** A actividade facilita a colaboración entre diferentes departamentos.
- **Mellora da competencia dixital:** Introduce ferramentas de edición e produción sonora modernas.
- **Aprendizaxe por proxectos:** Favorece un enfoque activo e significativo.

Inconvenientes atopados:

- **Necesidade de coordinación:** A actividade require planificación e coordinación entre varias persoas e espazos.
- **Curva de aprendizaxe tecnolóxica:** O uso de Audacity e Media.io con IA pode resultar complexo ao principio para o profesorado e alumnado sen experiencia previa.
- **Control da veracidade da información:** A información xerada pola IA debe ser contrastada con fontes fiables, e correxida para que se axuste aos obxectivos previstos e ao nivel competencial do alumnado.

Posibles melloras da actividade:

- Crear unha serie de programas sobre “ciencia e igualdade” ao longo do curso.
- Implicar ao alumnado na procura de fontes e validación da información previa ao uso da IA.

Dificultades atopadas na creación/aplicación:

A maior dificultade estivo na **edición técnica do audio**, que requiriu un proceso de aprendizaxe previo no uso de Audacity con funcións avanzadas de intelixencia artificial. Tamén foi necesario **axustar o guión xerado por IA** para adaptalo ao ton e vocabulario adecuados para o medio escolar.

Conclusión: A experiencia foi enriquecedora tanto para o profesorado como para o alumnado. O uso de IA permitiu aforrar tempo, fomentar a creatividade e introducir contidos relevantes de forma atractiva. O formato podcast é idóneo para traballar valores, expresión oral e pensamento crítico.

Evidencia: podcast publicados no blog da radio escolar do instituto.

<https://radiosofiacasanova.blogspot.com/2025/03/non-mais-matildas.html>

outros audios publicados na radio escolar:

<https://radiosofiacasanova.blogspot.com/>